

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 14 de outubro de 2025 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de outubro de 2025, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental de Conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria. Treito: Nadela-A Pobra de San Xiao, de clave LU/21/218.01, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trinta e sete millóns trescentos oitenta e un mil trescentos cincuenta e dous euros con corenta e un céntimos (37.381.352,41 euros).

Antecedentes:

Con data do 5 de xuño de 2024, publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 108 o anuncio do 30 de abril de 2024 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental de Conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria. Treito Nadela-A Pobra de San Xiao, de clave LU/21/218.01, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Con data do 30 de setembro de 2025 publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 188 o anuncio do 16 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto de conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria, treito Nadela (A6)-enlace A Pobra de San Xiao, p.q. 0+000 - 13+500 (LU/21/218.01), nos concellos do Corgo, Lugo e O Páramo (expediente 2025/0014).

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

RESOLVO:

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de outubro de 2025, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental de Conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria. Treito: Nadela-A Pobra de San Xiao, de clave LU/21/218.01, que se recolle como anexo a esta resolución.



Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que pon fin á vía administrativa, poderá formular un recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; sen prexuízo de que, con carácter previo e potestativo, poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración para a interposición do recurso de reposición, deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/> ante a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2025

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de outubro de 2025, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental de Conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria. Treito: Nadela-A Pobra de San Xiao, de clave LU/21/218.01, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trinta e sete millóns trescentos oitenta e un mil trescentos cincuenta e dous euros con corenta e un céntimos (37.381.352,41 €)

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental de Conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria. Treito: Nadela-A Pobra de San Xiao, de clave LU/21/218.01, sen modificacións respecto do trazado sometido a información pública.

2º. Aprobar definitivamente o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental de Conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria. Treito: Nadela-A Pobra de San Xiao,

CVE-DOG: 6bgrrb84-aof4-y1t7-uy08-dryk18ipuuq88



de clave LU/21/218.01, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trinta e sete millóns trescentos oitenta e un mil trescentos cincuenta e dous euros con corenta e un céntimos (37.381.352,41 €).

Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os concellos de Lugo, O Corgo e O Páramo, nos que se asentán as infraestruturas obxecto do proxecto, deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no que se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a reformulación do proxecto e as modificacións deste, que, se é o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación; todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

CVE-DOG: 6bgrrb84-aof4-y1t7-uy08-dryk18ipuuq88

